



## MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUN ACTO CONMEMORATIVO DO XL ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este ano de 2018 celébrase o 40 cuadraxésimo aniversario da Constitución Española. A data de referencia é o 6 de decembro, posto que tal día como ese en 1978 o conxunto da cidadanía española outorgoulle un apoio maioritario, concretado nun 88% dos votos, ao proxecto aprobado polas Cortes Xerais que foran electas democraticamente o 15 de xuño de 1977.


O período percorrido ata ese referendo foi un exemplo de convivencia, de entendemento e de responsabilidade que desde entón converteu a España en modelo para aqueles países que inmersos nun proceso de cambio desde o autoritarismo cara a un democracia rexida polo imperio da lei emanada do pobo e fundamentada na participación, o pluralismo e a defensa dos dereitos e liberdades públicas.


O texto da norma constitucional veu a establecer un marco para o desenvolvemento dun Estado plural que a propia cidadanía dos diferentes territorios foi configurando. Porque na Constitución española recoñécese e garántese, como un dos seus principios iniciais, a autonomía das rexións, das nacionalidades e dos municipios, ao igual que o principio de solidariedade entre territorios.

A pesar das distintas formulacións ideolóxicas existentes houbo un gran consenso entre as forzas políticas, marcado polos desexos de convivencia e de superación dos enfrontamentos do pasado, que permitiu avanzar de forma inequívoca na construción dunha democracia moderna, con ampla autonomía e descentralización na súa estrutura organizativa e con mecanismos de solidariedade que contribuíran a garantir a igualdade e o benestar no conxunto da poboación.

Transcorridas catro décadas, todo o proceso e o comportamento exemplar da cidadanía que nos ten permitido acadar os niveis de benestar e calidade de vida, deberan merecer o recoñecemento e a celebración por parte das institucións, para promover o contido da Constitución e transmitirle ás xeracións futuras o espírito de concordia que presidiu a súa xestación.

O Concello de Santiago, a través dunha iniciativa presentada polo Partido Popular nesta altura do ano pasado, xa acordara sumarse á iniciativa posta en marcha polo Congreso e o Senado para divulgar o contido da Constitución e renderlle homenaxe a todos aqueles que participaron na súa elaboración e aprobación.






Aínda que recentemente se ten inaugurado en Santiago unha exposición fotográfica, organizada polas Cortes Xerais en colaboración coa Axencia EFE, titulada "40 anos de España en democracia", na que se amosan 40 imaxes de distintos fotógrafos para dar a coñecer momentos decisivos do período constitucional, por parte do Concello non temos constancia da preparación de ningunha iniciativa de divulgación de cara ao día 6 de decembro, data da ratificación do pobo español que marca a celebración dos 40 anos da Constitución Española.

Por iso, e para dar cumprimento ao acordo aprobado en novembro de 2017, no que o Concello asumía "o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de toda a cidadanía", o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

#### ACORDO:

***O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano do Goberno a que organice, como iniciativa de divulgación do 40 aniversario da Constitución española, unha lectura pública do texto constitucional nunha xornada a establecer na semana entre o 3 e 9 de decembro, por parte de membros da Corporación e escolares. A xornada deberase celebrar preferentemente na Praza da Constitución e con ese motivo farase unha comunicación a todos os centros de ensino radicados no municipio e divulgarase publicamente a xornada para convidar a toda a cidadanía, institucións e entidades, a sumarse a este acto público.***

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela